

CONCURSO
DE LISTAS DE AGARDA DE PROFESORADO SUBSTITUTO
CAUSAS DE EXCLUSIÓNS E FORMA DE SUBSANACIÓN

As causas xerais de exclusión pódense subsanar como se indica a continuación:

CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
04	Non acredita o pagamento das taxas en prazo, como esixe a convocatoria	Achegando copia do pagamento feito en prazo. De non ser así, o defecto é non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
D01	Non presenta documento acreditativo da identidade	Achegando copia do documento que corresponda.
D04	Non presenta documentación adecuada para acreditar a identidade, idade e/ou nacionalidade habilitante para o acceso	Achegando copia do/s documento/s que acrediten tal/es extremos.
M01	Non presenta o currículo empregando o modelo normalizado	Non subsanable, dado que consonte coa convocatoria calquera documento relacionado cos méritos non pode ser admitido fóra do prazo de presentación de solicitudes.
M02	O currículo non está adecuadamente referenciado á praza	Achegando o currículo coa referencia <i>correcta</i> da praza/lista á que se refire.
S01	Non fixo en prazo a inscrición a través da aplicación, como esixe a convocatoria	Non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
S04	Non presenta copia da solicitude xerada na fase de inscrición	Achegando copia da solicitude xerada no proceso de inscrición.
T01	Non acredita a titulación esixida	Achegando copia do título requirido ou xustificante do pagamento dos dereitos de expedición do título. A titulación é a que aparece no perfil da praza ou unha superior que permita o acceso á función pública ¹
T03	Non acredita homologación ou equivalencia de título estranxeiro	Achegando copia da credencial de homologación ou de declaración de equivalencia do título estranxeiro.

¹ Disposición adicional 4ª do Real Decreto 889/2022 e artigo 76 e disposición transitoria 1ª do Real Decreto Lexislativo 5/2015

